



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: INICIO EXPTE. CONTRATACIÓN DE AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN PITE. O-8/2020.POS+ADICIONAL 1/2019

EXPEDIENTE: 2020/G003/000166

Vista a circular de 27/09/2019 remitida pola Deputación provincial da Coruña sobre a aprobación da 1ª fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ADICIONAL 1/2019 por maior achega provincial 1ª fase, no que inclúe, entre outras, a obra denominada AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE, con código de obra 19.2001.0595.0, e que se entende definitivamente aprobado pola Resolución 36014/2019 de 17 de outubro de 2019, cun orzamento con IVE que ascende a sesenta e un mil catrocentos cincuenta e seis euros (61.456,00 €), financiado na cantidade de sesenta mil noventa e sete euros con noventa e dous céntimos de euro (60.097,92 €), con cargo ao referido Plan.

Visto o proxecto redactado polo arquitecto municipal don Ignacio Soto González, de data decembro de 2018, denominado AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE, cuxo orzamento xeral ascende a sesenta e un mil catrocentos cincuenta e seis euros (61.456,00 €).

Considerando que en pleno de 18 de decembro de 2018 acordouse aprobar o citado proxecto.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía, en calidade de órgano de contratación, considera necesario que se tramite un contrato para a execución da obra prevista na antedita memoria de acordo co indicado no informe de necesidade da concelleira de urbanismo de data 14 de outubro de 2019.



En virtude do exposto e aos efectos previstos nos artigos 28 e 116 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e considerando a competencia da Alcaldía como órgano de contratación (Res. 522/19 do 3 de xullo)

RESOLVO:

Primeiro.- Motivar a necesidade de que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no proxecto AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE de acordo co indicado no informe de necesidade da concelleira de urbanismo de data 14 de outubro de 2019 , e no que se indica que *“O presente proxecto ten como obxecto definir as obras necesarias para a mellora do viario municipal en PITE, parroquia de Lucí, infraestrutura municipal de uso veciñal. O deterioro dos viais obxecto deste proxecto é consecuencia tanto da antigüidade do último pavimento realizado polo Concello neste vial, como das inclemencias meteorolóxicas propias do paso do tempo así como do desgaste ocasionado polo propio uso do mesmo, polo tráfico de vehículos diario que discorre por él e como consecuenziadas reposicións parciais de aglomerado en zanzas e acometidas das distintas instalacións. E un factor importante tamén para a súa renovación, a necesidade de obter accesos máis axeitados e eficaces aos existentes, así coma a mellora da sinalización horizontal e vertical. Todos estes factores fan recomendable as actuacións previstas as cales redundarán en calquera caso no beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios. Para iso recórrase en todos os casos a estender unha nova capa de aglomerado asfáltico sobre a base anterior, xa que desta maneira elimínanse os problemas de desgaste e perda de ligante, e recupéranse as características de forma orixinais do pavimento. Considerase conveniente asfaltarlos a base dunha rodaxe de aglomerado asfáltico tipo S-12 modificado de 6cm de espesor, e rega de adherencia con 1.5 Kg/m2 de emulsión asfáltica, incluíndo o levantamento de tapas de arquetas e tapas de rexistro. Realizarase finalmente a sinalización horizontal mediante pintura termoplástica branca ou amarela segundo sexa o caso. Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, este departamento considera necesario que se tramite un contrato para a execución*



das obras previstas no antedito proxecto a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, para a mellora das infraestruturas viarias que contribúan a mellorar a calidade de vida e a seguridade viaria dos habitantes dos mesmos.”

Segundo.- Iniciar o procedemento de contratación do contrato de obra AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN PITE , cuxo orzamento ascende a 61.456,00 €, por procedemento aberto simplificado, asignándolle o núm. de expediente O-8/2020.

Terceiro.- Incorporar ao expediente, de conformidade cos artigo 116, 236 e ca Disposición adicional terceira da LCSP a seguinte documentación:

- Acta de reformulo do proxecto.
- Informe técnico sobre a presente contratación.
- Certificado de existencia de crédito.
- Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización de Intervención.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde
Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Diaz